

Tanxugueiras, toponimia e tradición na palabra do ano 2021

Nun novo ano marcado pola Covid-19, ‘resiliencia e ‘vacinódromo’ foron as seguintes palabras máis votadas na iniciativa promovida polo Portal das Palabras

Por [Redacción](#) - 27/12/2021



A palabra do ano 2021, escollida polas usuarias do Portal das Palabras. Foto: Real Academia Galega

Malia ser, novamente, un ano marcado polo termo “pandemia”, o 2021 tamén se despide con verbas de esperanza. Unha delas, *tanxugueiras*, vén de converterse na Palabra do Ano 2021, após acadar a maioría dos votos das persoas que participaron na iniciativa promovida polo **Portal das Palabras**, páxina web para a difusión do léxico da [Real Academia Galega](#) e a [Fundación Barrié](#). A voz máis elixida entre as que chegaron á final do concurso gañou popularidade nos últimos meses da man da banda homónima de **Olaia Maneiro, Aida Tarrío e Sabela Maneiro**.

E, malia non estar no dicionario, a palabra que escolleron para chamarse artisticamente estas referentes dos novos camiños que está abrir a música tradicional galega ten as raíces ben chantadas no noso idioma: *Tanxugueiras* é en realidade o plural dun microtopónimo, que, elevado á Palabra do Ano, pasa a ser tamén **icona da gran riqueza da lingua galega como produtora de nomes de lugar**, que conforman un patrimonio inmaterial único no mundo.

As moitas terras dos teixugos

Popularizado pola banda musical, o topónimo *Tanxugueira* designa unhas **terras da parroquia de Fumaces, no concello de Riós** (Ourense), situadas nun alto e abeiradas. No territorio galego hai outro lugares co mesmo nome nos concellos de Catoira (Pontevedra), Dodro (A Coruña) e, de volta na provincia de Ourense, en Viana do Bolo, como se pode comprobar na aplicación [Galicia Nomeada](#), a [plataforma para a recolleita colaborativa da microtoponimia](#) creada pola Real Academia Galega e a Xunta de Galicia.

O vocábulo é unha alteración da forma etimolóxica *Teixugueira*, un zootopónimo común no país que sinala os sitios onde hai **presenza ou abundancia de teixugos** ou porco teixos. Un tipo de mamífero de vida nocturna que se alimenta de bichocas, landras ou plantas coma a do millo, polo que **nalgúns lugares do país se tocaba o corno polas noites para espantalo**. Esta voz popular remite probablemente ao latín

taxo, *taxonis*, o nome latino que recibía o ‘teixugo’, aínda que podería vir tamén dunha suposta forma xermánica *thahsus ou do gótico *thahsuks.

A presenza da pandemia, do segundo ao cuarto posto

Malia non ser quen de derrotar o poder contaxioso da música, a **Covid-19 si que deixa pegada no segundo, terceiro e cuarto posto da votación**, ocupados polas voces *resiliencia*, *vacinódromo* e *gromo*. Aínda que [resiliencia](#), na acepción da **capacidade dos seres humanos para se adaptaren positivamente ás situacións adversas**, é unha virtude útil en calquera momento, non hai dúbida de que o impacto na vida cotiá da pandemia fixo que se escoitase máis ca nunca nos últimos tempos este cultismo que bebe do latín *resiliens*, forma que remite ao verbo *resilire* ‘saltar cara a atrás’.

A loita contra o coronavirus non só elevou ás primeiras planas palabras xa coñecidas que non adoitaban ser noticia. Tamén promoveu a **creación de novas voces** coma *vacinódromo*, sen dúbida un dos neoloxismos do ano. De xeración popular, este vocábulo dá nome ao **lugar ao que acudimos a nos vacinar contra a Covid-19**, e fórmase a partir do substantivo [vacina](#) e do sufixo *-dromo*. Este último, que nun primeiro momento indicaba o sitio onde se desenvolvía unha carreira, na actualidade fai referencia a un lugar amplo destinado a unha actividade concreta, como pode ser un *aeródromo*. De aí que a fala xerase a voz *vacinódromo* para referirse ao lugar onde se efectúa a vacinación masiva da poboación.

E que acontece co substantivo que toma como base? A palabra que nomea a grande esperanza para saírmos da pandemia procede do latín científico *variola vaccina*, que significa ‘varíola das vacas’. O termo xurdiu a finais do século XVIII para designar o **remedio que permitiu acabar coa enfermidade contaxiosa** tamén coñecida como [boas](#). Este logro débese a **Edward Jenner**, o científico británico que, ao observar que as leiteiras eran inmunes á varíola humana, deduciu que se debían de inmunizar cando muxían as vacas polo contacto coas bochas de pus que os animais tiñan nos ubres por mor dunha doenza similar, a varíola bovina, pero menos virulenta. Daquela probou a inocular unha pequena cantidade do virus das vacas a un cativo e comprobou que, pese unhas pequenas molestias, logo non se contaxiaba da enfermidade humana mortal.

Os votos das persoas usuarias do Portal das Palabras deixaron en cuarto lugar a palabra [gromo](#), que coa pandemia incorporou na súa entrada no Dicionario o significado de “*aparición súbita dunha enfermidade epidémica entre a poboación dun determinado lugar, así como o de primeira manifestación ou aparición de algo*”. En canto a [coada](#), na acepción referida ao **manto de lava en estado líquido emitida por un volcán durante as súas erupcións**, quedou en quinto e último lugar despois de moito repetirse nos medios de comunicación e na rúa debido á actividade volcánica que abriu tantos telexornais desde o mes de setembro.

Un espazo lúdico de divulgación da lingua

A Real Academia Galega e a Fundación Barrié promoven dende 2014 a elección da Palabra do Ano a través do Portal das Palabras, o proxecto que comparten para a modernización do traballo lexicográfico e a divulgación da lingua galega. Cada semana ofrece xogos, vídeos nos que os membros da Academia resollen dúbidas frecuentes e **outros contidos divulgativos que conectan o léxico galego coa realidade cotiá** e a actualidade dun xeito ameno. [A palabra do día](#) é outra das seccións deste espazo aberto ao diálogo coas persoas usuarias.

Nas edicións pasadas foron elixidas Palabra do Ano [nós](#) (2020), [sentidiño](#) (2019) [deseucaliptización](#) (2018), [afouteza](#) (2017), [irmandade](#) (2016) —por mor do centenario das Irmandades da Fala—, [refuxiado](#), [-a](#) (2015) e [corrupción](#) (2014).

<https://www.gciencia.com/ciencia/tanxugueiras-palabra-ano-2021/>

ACTIVIDADES. COMENTARIO DE TEXTO PERIODÍSTICO:

1.- Contesta ás cuestións breves?

1.1.- Cal é a palabra galega do ano 2021? _____

1.2.- Cales eran as outras candidatas? _____

1.3.- Onde está o lugar de Tanxugueiras? _____

1.4.- Que animal da o nome ás tanxugueiras? _____

1.5.- En que festival queren participar as Tanxugueiras? _____

1.6.- Cal das palabras finalistas deste concurso é de nova creación? _____

1.7.- Que institución galega promove a elección da “Palabra do ano”? _____

1.8.- Que volcán estivo activo durante o último trimestre do ano 2021? _____ Onde está? _____

1.9.- Cita os nomes das cantantes de Tanxugueiras _____

1.10.- Dende que ano eliximos a “Palabra do ano”? _____

3.- Explicade a orixe da palabra gañadora do ano 2021? A que debe o seu nome?

4.- Explicade brevemente o sentido das palabras finalistas como palabras do ano en Galicia:

RESILIENCIA:

VACINÓDROMO:

GROMO:

COADA:

5.- Buscade un sinónimo de:

PORCO TEIXO:

SÚBITA:

AMENO:

ICONA:

AERÓDROMO:

DOENZA:

6.- Coa axuda do diccionario defínide:

MICROTOPÓNIMO:

BANDA HOMÓNIMA:


PARROQUIA:

PATRIMONIO INMATERIAL:

7.- Nas edicións pasadas foron elixidas Palabra do Ano [nós](#) (2020), [sentidiño](#) (2019) [deseucaliptización](#) (2018), [afouteza](#) (2017), [irmandade](#) (2016) —por mor do centenario das Irmandades da Fala—[refuxiad@](#) (2015) e [corrupción](#) (2014). Averiguade que significa cada unha delas e que feito histórico aconteceu nestes anos para que foxen elixidas palabras do ano.

8.- No texto fálese de Edward Jenner. A súa historia ten moito que ver coa expedición Balmis e con Isabel Zendal. Logo do **visionado do vídeo de ACADEMIA PLAY “[La expedición contra la viruela](#)”** e da lectura do folleto sobre Isabel Zendal, elaborade unha redacción sobre a historia das vacinas e a súa importancia.

9.- Identificade con cores as distintas rotas seguidas pola Expedición Balmis a comezos do século XIX.



10.- Averiguade que tiveron que ver coa expedición os seguintes persoeiros:

Carlos IV:


Edward Jenner:

Florence Nigtingale:

Isabel Zendal:



Las vacunas son
dolorosas,
especialmente si te
las ponen mal



1. El tema del texto:
 - a) La vacuna para la viruela.
 - b) Edward Jenner
 - c) Louis Pasteur
 - d) Las enfermedades infecciosas
 - e) La Inmunoprofilaxis
2. La idea principal del texto es:
 - a) La historia de la vacunación.
 - b) Existen más enfermedades que vacunas en el mundo.
 - c) La prevención de enfermedades.
 - d) Las enfermedades se previenen con la vacunación.
 - e) Pasteur inventó la vacunación.
3. Averigua ¿Por qué la Inmunoprofilaxis recibe el nombre común de “VACUNA”?